

# O VALOR DAS NOSAS ALDEAS, **BANDÍN,** **UNHA DELAS**



"Aquí había que facer algo"

Nós non imos escatimar esforzos,  
pero precisamos da vosa colaboración.  
A romaría, como a contorna,  
é cousa de todos.

## **BANDÍN**

*"O lugar da Mercé"*

A aldea de Bandín sitúase na caída norte do monte Castro Valente, ata o leito do río Ulla, coordenadas (42° 44' 28" N) e (8° 36' 21.1" W). O nome de "Bandín" procede do antropónimo latino ABBATINUS, no latín tardío ABBATE, "cura". Probablemente se refira á súa pertenza ou xurisdición do bispado Iriense.

Administrativamente forma parte da parroquia de San Pedro de Carcacía, no Concello de Padrón, A Coruña. Dende o punto de vista eclesiástico e educativo por proximidade intégrase na parroquia de San Miguel de Barcala, Concello da Estrada, Pontevedra.


A aldea dívidise en dúas zonas, O Pazo, próxima á capela, e O Quinteiro dos Duros, a parte baixa do lugar. Conta na actualidade cun total de 8 casas habitadas e 16 veciños/as que posúen unha media de idade de 61 anos.

Destaca polos seus recursos históricos, culturais e turísticos, podendo visitar as pesqueiras milenarias de lampreas que, por documentos medievais sabemos que xa existían no bispado iriense de Sisnando II (952-968) e na época do tamén bispo iriense Cresconio (1037-1066), pois este "agregou á Igrexa de Iria, a décima parte das capturas das Pesqueiras que hai, dende Porto Vandín (actual Bandín) ata o Lugar de Castellum Honesto (Catoira)", a súa ermida, a ermida da Mercé, a fonte milagreira e tamén nos ofrece posibilidades turísticas de sendeirismo pola ribeira do Ulla e os montes da contorna, pódese practicar a pesca da troita, reo ou salmón.



## O ALTAR

O retablo maior en madeira, está datado de entre finais do século XVI e principios do XVII. Con tallas douradas e policromadas de estilo barroco nacional cunhas dimensións de 5,10 m de ancho e 3,50 m de alto. Posiblemente da escola do mestre Miguel de Romay, é, xunto coas esculturas de pedra, o obxecto histórico-artístico máis importante da capela.



Ten forma de arco de medio punto con dous corpos e tres rúas, a central máis alta e más ancha, separadas por dúas columnas corintias, salomónicas con fuste entorchado decorados con vides e acios.

Conta coas imaxes orixinais do retablo. No corpo inferior: San Xosé e a Virxe Inmaculada. No corpo superior: San Xerónimo, o promotor e San Roque.

## AS PÍAS DE PEDRA

Atópanse dúas pías bautismais na capela, posiblemente Románicas, situadas na nave principal. A primeira, á entrada sobre unha pilastra de sección cuadrangular con base. A segunda, pasado o enreixado, apoiada sobre unha base de pedra.



## REPRESENTACIÓN

### “UN MILAGRE DA VIRXE”

Nunha sinxela representación pictórica dun milagre da Virxe que se narra no pé da mesma.



## AS ESCULTURAS DE PEDRA “AS SANTAS DE PEDRA”

Hai dúas esculturas en pedra situadas nas fornelas embutidas nos muros. No brazo derecho, a virxe co seu fillo no colo, probablemente sexa unha escultura románica (século XII) pola súa talla tosca. A súa postura hierática, na que se observan restos de pintura. Os veciños/as identifícanla como a virxe da Mercé que apareceu na fonte.

A segunda escultura probablemente sexa gótica (século XIV), que representa a Santa Catalina.



## O ACHADO DAS MOEDAS

Durante os traballos de restauración do retablo, no ano 2017, atopáronse estas tres moedas.

Agora poden verse expostas na capela.

Son moedas de Felipe IV, “marabedís”, nunha delas, pódese ver con claridade o ano de cuño 1622, esa mesma ten un recuño de 1651. Tiñan un valor de 8, 4 e 2 marabedís, respectivamente.



## A LÁMPADA DE ACEITE

Esta lámpada datada a comezos do século XVIII, que dende o ano 2005 ilumina o altar do santo sepulcro, grazas á inestimable colaboración de D. Andrés Quintá Cortiñas, quen se encargou de recollela nunhas condicións pésimas e moi deteriorada, para despois restaurala e adaptala como a lámpada eléctrica que hoxe podemos observar na capela.



## A ERMIDA

Actualmente, na contorna identifícase como o lugar da ermida da nosa Señora da Mercé. Situada nun promontorio dende o que se divisa unha fermosa panorámica do río Ulla e da parroquia de San Pedro de Carcacía.

A ermida reedificouse substituíndo a outra edificación gótica e esta á súa vez, substituía a unha edificación románica.

A advocación da ermida á Virxe da Mercé, probablemente teña as súas orixes na reconstrucción do século XVI ou XVII.

A construción actual é de estilo barroco, planta de cruz latina con presbiterio destacado de cachotería e cantería de granito.

Interiormente posúe unha soa nave, con dúas capelas laterais orientadas ao norte e ao sur, enreixado de forxa na nave principal antes de acceder ao cruceiro que se cubre con bóveda de cruzaría, mentres que as dúas capelas laterais do transepto posúen bóvedas de canón sostidas por arcos de medio punto. Nos muros de cerre do cruceiro, están as dúas fornelas con esculturas pétreas: 'As Santas de Pedra'.

Entre a veciñanza sempre se comentou que a capela se construíu para honrar a aparición da escultura pétreas da Virxe que se atopara na fonte milagreira. Actualmente gárdase na ermida.



## A ROMARÍA

O día da festa grande de Bandín é o día da Romaría da Mercé, que se celebra cada 24 de setembro. Relixiosamente celébranse misas durante todo o día, poxa de ramos antes da misa cantada e procesión arredor da ermida.


Na contorna da ermida é tradición a venda de noces e pavías. Ademais instálanse postos de venda típicos como en todas as romarías: rosquilleiras, churreiras, polbeiras... Está arraigado o costume de probar o primeiro viño novo do ano.



## A FONTE DA VIRXE

Situada no Castro Valente, aproximadamente a 1,5 Km da capela, é o lugar onde apareceu a santa. O día da romaría a xente acode sobre todo a lavar as verrugas na auga da fonte milagreira para que estas desaparezan.

O camiño á fonte está sinalizado dende a capela en cada cruce.



Tríptico realizado coa colaboración do Presidente do grupo Quintá  
*Sr. Andrés Quintá Cortiñas*

COLABORAN:

**Extrugasa**  
GRUPO QUINTÁ



**CONCELLO  
DE PADRÓN**

¡VISÍTENNOS,  
SERÁN BENVIDOS!

